



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



CIRCULAR 16-2015

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE INVERNO DE LANZAMENTOS LONGOS

Cangas, 1 de marzo do 2015

Art.1) A Delegación da F.G.A en Vigo organizará o **Campionato de Galicia Absoluto de Inverno de Lanzamentos Longos**, que terá lugar en Cangas o vindeiro domingo **día 1 de marzo** do 2015, en colaboración co Concello de Cangas, Fundación Cangas Deporte e o Club Vila de Cangas.

Art.2) Poderán participar todos aqueles atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2014/15) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aunque pertenzan a Clubes de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos*

Art.3) Poderán participar en cada especialidade os atletas que se inscriban coas 12 mellores marcas absolutas, conseguidas durante a tempada 2013/14 ou 2014/15.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 24 de febreiro do 2015.**

Art.5). Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, según o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.6). Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas, tanto en homes como en mulleres. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

Art.7). Serán proclamados gañador, segundo e terceiro, os atletas que acaden as tres mellores marcas absolutas, tanto en homes como en mulleres.

Art.8). Pasarán á mellora os 8 mellores atletas.

Art.9) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles

Art.10) Os atletas deberán confirmar persoalmente a súa participación 45 minutos antes da súa proba (deberán presentar DNI ou calquer documento con foto). A entrada á pista farase por cámara de chamadas, non estando permitido o acceso a mesma dende calquer outro punto distinto a esta.

Art.11) HOMOLOGACIÓN DE ARTEFACTOS:

Os artefactos personais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma, exceptuando a xavelina que deberá ser ata 1 hora e 30 minutos antes.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



Art.12) HORARIO (provisional).

10,30h.- Martillo Mujeres
12,00h.- Martillo Hombres
13,30h.- Disco Mujeres
15,00h.- Disco Hombres
16,30h.- Jabalina Hombres
18,00h.- Jabalina Mujeres

Art.13) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito (direccionatletica@fgatletismo.com), salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Art.15) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 10 de febreiro de 2015